

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Sinale a relación INCORRECTA de singular/plural:**

- A) algún/algúns
- B) azul/azuis
- C) áxil/axiles
- D) fusil/fusiles

**2. Escolla a definición correcta de "fervenza":**

- A) Febre moi alta.
- B) Adorno, bordado, grilanda.
- C) Catarata, salto de auga.
- D) Cousa fedorenta.

**3. Sinale a serie de palabras correcta:**

- A) adictos, obxectivo, detetado, sustitúe.
- B) adictos, obxectivo, detectado, substitúe.
- C) aditos, obxetivo, detectado, sustitúe.
- D) adictos, obxetivo, detetado, substitúe.

**4. Todas as palabras destas opcións son do xénero feminino EXCEPTO:**

- A) Legume
- B) Carne
- C) Ponte
- D) Síndrome

**5. Todas as palabras destas opcións son do xénero masculino EXCEPTO:**

- A) Análise
- B) Corvo
- C) Cume
- D) Lume

**6. Indique a palabra correcta en galego:**

- A) Vértixe
- B) Padiola
- C) Tosido
- D) Son correctas a) e b)

**7. Indique cal dos seguintes verbos ten relación co sentido da vista:**

- A) Enxergar
- B) Albiscar
- C) Axexar
- D) Todas as opcións son correctas

**8. Indique cal dos seguintes termos se refire a unha parte do corpo humano:**

- A) Deda
- B) Palma
- C) Planta
- D) Todas as respostas son correctas

**9. Sinale a relación INCORRECTA de singular/plural:**

- A) local/locais
- B) bo/bos
- C) dolmen/dolmenes
- D) xirasol/xirasoles

**10. Indique cal dos seguintes termos NON se refire a unha parte do corpo humano:**

- A) Pulso
- B) Queixo
- C) Moneca
- D) Meixela

Preguntas de reserva

**1. Sinale a opción correcta. A frase feita "Poñer o carro diante dos bois" significa:**

- A) Non acougar en ningures.
- B) Correr o máis rápido que se pode.
- C) Facer algo moi á présa, antes do debido ou ao revés.
- D) Elixir o que se queira e como se queira.

**2. Indique cal dos seguintes termos NON se refire a unha parte do corpo humano:**

- A) Medianiño
- B) Coxa
- C) Ombreiro
- D) Rello